

A POESÍA DE ANTÓN AVILÉS DE TARAMANCOS: MEMORIA DA VIDA

Xosé M^a Álvarez Cáccamo

Vive Antón Avilés de Taramancos tan firme na memoria de nós que non semella ausencia o seu destino de silencio. Continúa el, apaixonadamente teimoso, a labrar os eidos da nación incesante, aqueles campos sementados da man da avoa Lela da Pastora, consubstanciado coa terra das orixes, regresado á semente. Sentimos a vida de Antón a arar por dentro a materia nosa, ese corpo unánime que nos outorga sentido. O segredo da pervivencia labrega ficounos rebelado nestes versos pertencentes a *Obra inmisericorde*: “Nesta terra non hai / mortos como nas outras. Tan só hai devanceiros, / xente que nos percorre o tecido das veas.” Percórrenos Antón o tecido das veas e o río sanguíneo axítase en fervenza cando debuxamos na nostalgia o seu sorriso feliz, o aceno das mans traballadas, o soño dos ollos en presentimento de aventura. Antón é hoxe un devanceiro mozo a falarnos desde unha ribeira moi próxima.

Antón viviu sempre na memoria del mesmo proxectada sobre o pano de fondo do urdido colectivo, a tecer o poema á medida das horas que foron verdade. A súa obra literaria, poesía, xornalismo, crónica narrativa, nace do discurso da vida e traza un rumbo paralelo ás rotas do tempo continxente, aínda que nunca se detén en labores de autorretrato figurativo. A escrita de Avilés, sobre todo a poética, rexeita a fidelidade documental ao referente. E, sen embargo, no estrato íntimo da significación evidénciase un núcleo de necesidade vital, a interrogación dirixida á procura de claves existenciais e de razóns éticas. Nese sentido, a súa poesía é verdade. Verdade de raíz nacida da experiencia e labrada con aparellos de metal transcendente e simbólico. E por iso vive Antón tan firme na memoria de nós, que andamos a procuralo e topamos o seu ser enteiro, alén do perfil anecdótico, na terra esencial do poema.

Desde os tempos da mocidade, no centro da desacougante miseria da posguerra coruñesa, con Urbano Lugrís ao seu carón, a erguer ambos un soño de rebeldía poboado de mitos odiseicos, Antón Avilés foi construindo a memoria metamórfica do seu tempo humano en volumes rigorosamente unitarios. Primeiro foi o abraio da natureza que fundara a sensibilidade infantil, os ventos e os paxaros convocados en *As moradiñas do vento* (1955) e *A frauta y-o garamello* (1959). Os amores xuvenís atinxiron ben logo o lugar do discurso en dous libros que deberon agardar máis de vinte anos para saír a luz no volume recompilatorio *O tempo no espello* (1982). Eran *Poemas a Fina Barrios*. *Pequeno canto*, de 1959, e *Poemas soltos a Maricarmen Pereira*, escritos no verán de 1961. A saudade de Galiza, sufrida ao longo de dúas décadas en Colombia, é o sentimento incitador da escri-

ta de *Os poemas da ausencia*, conxunto que, xurdido de dous momentos creativos distantes (1963 e 1969), debeu adiar tamén a súa publicación até o ano 1982 para ser incluído en *O tempo no espello*. Colombia, a segunda patria do poeta, é a figura central da nova nostalxia, e aquela dor foi certeza que aguillou a Avilés logo do regreso a Galiza e que resultou conxurada e transformada en arte de altísima dicción a través de *Cantos caucanos* (1985). Decididamente instalado cos seus en Noia, Antón procura a raíz primeira da historia persoal. O mellor vehículo para esta viaxe de retorno ao núcleo do seu ser histórico foi o dos poemas de *As torres no ar* (1989), onde comparece tamén a vivencia inmediata do amor adulto. *As torres no ar* é, sobre todo, o libro da nenez, o reencontro do poeta co estrato fundacional da súa substancia labrega e terrestre, complementada coa fabulación soñadora do horizonte marítimo. E, finalmente, do ferreño combate cunha morte inadiábel, sólida e indiscutíbel presenza desde a primavera de 1991, nace *Última fuxida a Harar* (1992), libro feito ademais con outras materias da vida que anunciaban futuras e moi suxerintes voces.

Os ciclos fundamentais da vida de Avilés de Taramancos ficaron, pois, transcendidos, transformados por obra de memoria selectiva e vontade de tensión artística, nos itinerarios dunha obra poética que obedeceu un proxecto de escrita tamén cíclica e de carácter unitario en cada entrega: a nenez, a saudade de Galiza, a nostalxia de Colombia, o amor, o diálogo coa morte.

A ollada evocativa do poeta procura no horizonte da nenez dous focos esenciais, os dous principios constitutivos da súa verdade humana: terra e mar. É a terra material do neno labrego, o suco sementado, os labores aprendidos no maxisterio da xenealoxía feminina: Lela e Pepa da Pastora, a nai e mais a avoa. O mar, rumbo lonxincuo do pai embarcado, rota inconsolábel da saudade, representa o escenario da aventura, o soño da fuxida, que Antón aprendeu na contemplación dos navíos fondeados na enseada de Noia: o Consuelo María, o Maniños, o Nova Flor do Barqueiro... e, principalmente, o Olga, “semente da estética, da liberdade, da poesía”. Sobre a fascinante experiencia que os labores da labranza e o espectáculo dos barcos de vela representaron para a educación sentimental do poeta en idade infantil e adolescente hai fermosas e translúcidas páxinas xornalísticas recolleitas no volume póstumo *Obra viva* (1992) e capítulos decisivos, especialmente o limiar e o epílogo, no singular libro de prosas narrativas *Nova crónica das Indias* (1989). E un pouso constante sobre o leito semántico de toda a súa obra poética, sobre todo en *Os poemas da ausencia*, *As torres no ar* e *Última fuxida a Harar*.

Mais a evocación das vivencias infantís desde o poema e arredor daqueles dous eixes emotivos esenciais, terra e mar, nunca se demora en detalles descritivos que puidesen abeirar o texto aos territorios do ruralismo costumista. A terra de labranza é campo de batalla para un combate de dimensión épica e liberadora. A arxila dos eidos conforma o ser material e a anatomía psíquica -cómpre entender: o urdido ético- do poeta, quen, recuperado o espazo da xeografía natal logo da volta de Colombia, regresa á condición

filial a través da palabra poética nun proceso imaxinativo, case visionario, de consubstanciación cos alicerces terrestres, co cerne da terra-nai. A materia mineral da terra é corpo de nai, símbolo materno. A nai e a avoa concretas -as dúas nais labregas de Antón- son as depositarias da ciencia agrícola, portadoras do segredo cósmico, donas da semente, “esa ternura / en que sostén as trabes o universo: / en tan mínima urna namorada”. Símbolos encarnados na experiencia terrestre, realidade incuestionábel, as nais de Avilés propiciaron a súa comunicación coa cidade do alén, territorio sen lindes onde pervive o labor incesante dos mortos, o “sedimento da patria”. A terra foi tamén para Antón, poeta e home, o espazo do acougo, da permanencia, da estabilidade, fronte ao engado irresistíbel da aventura e da fuxida que as portas do mar e as velas abertas dos navíos prometían.

Pero Antón nunca embarcou. Foi navegante contemplativo, soñador de fragatas, fabulador de míticas aventuras marítimas que interpretaban un soño teimoso de liberdade. Os seus heroes preferidos foron o revolucionario capitán Nemo e o odiseico Ulises, de quen incorporou, herdado do seu oceánico amigo Urbano Lugrís, fabricante de mares oníricos, o nome para engadilo a outro antropónimo lendario de resonancias célticas, e así resultou Avilés transformado en Ulises Fingal para o maxistral exercicio das crónicas destinadas á revista *Barbanza* de Noia. Detrás daqueles referentes épicos e marítimos vivía Severiano Avilés Outes, o pai, a quen se dirixe o fillo con estas palabras nun poema de *As torres no ar* habitado tamén por Nemo e Ulises: “E ver como os teus ollos, vello pai, feridos / de esculcar horizontes / amaran ese linde de camposas ilfmites.” Detrás do mar e dos seus símbolos reside a figura do pai, igual que entre os sucos alegóricos da terra transcendida permanecen en teimoso labor e sagrado rito de labranza a nai e a avoa. Principio masculino da aventura inestábel e da ausencia dolorosa, principio feminino que representa a certeza e a solidez permanente, estes dous eixes emocionais fúndense na vida e na escrita de Antón Avilés, quen sufriu sempre a pulsión contraditoria de ambas urxencias. A de marchar, incitada polo rumbo aberto dos navíos que o neno admiraba (“No seu ronsel van cara ao sur os soños, van / nesa maravilla arvorada os meus anseios de voar”), foi cumprida por causa de necesidade en 1961, Colombia e os seus itinerarios de selva e altiplano. A de regresar e permanecer (“nunca / regresa o mesmo home / ao mesmo sitio”), en 1980, vinte anos de ausencia e a terra recobrada. Pero logo, ben logo, a dor da outra patria, o soño nunca abertamente confesado (¿ou si?) de volver a Cali: “Agora teño saudade / do futuro que hei de andar / lonxe da miña cidade.” Desa nova saudade deixan indiscutíbel constancia os poemas de *Cantos caucanos*.

O sentimento da saudade exprésase na poesía de Avilés frecuentemente ligado ao motivo da navegación. É a tristura polos ausentes, a estirpe masculina de mariñeiros, emigrantes e exiliados alén da distancia imposíbel do océano. É, ademais, o estado psíquico permanente das xentes do mar, de ollos debruzados sobre a longura sen lindes: “a longa fondura da saudade, / compañeira perpetua da feliz singradura.” Arredor das cla-

ves existenciais deste sentimento topicamente caracterizador da especificidade emocional e mesmo filosófica do ser colectivo galego ten reflectido o poeta con exemplar lucidez no seu ensaio “Galicia no diván”, incluído en *Obra viva*. As liñas argumentativas de dimensión xeral non ocultan nese texto a confianza arredor do equilibrio paradoxal entre as forzas centrífugas e centrípetas que moveron o ánimo de Antón: “Hai unha ánsia permanente de fundir-se, de ser un só, e desa ánsia sempre en vilo, nunca cumprida no seu desexo, nace a saudade, que é unha melancolía crónica mais que tamén é un estado de felicidade porque perfila un sentimento, unha ferida na que ún se goza, que cauteriza o sentido de culpa ao mesmo tempo que serve de espora e aguillón para ter sempre presente aquilo que se ama na memoria”.

Na memoria ferida mantivo durante vinte anos Antón Avilés a imaxe lonxincua de Galiza en estado de saudade radical. Pero o cerne apaixonado e vitalista do seu temperamento impediulle deixarse vencer pola dor e facilitou a integración xenerosa e decidida na terra que o acollía. A elexía de Galiza en *Os poemas da ausencia* é voz hímnica que reconstrúe en luz de presente a paisaxe evocada: “É primavera en Noia, e a noite / será unha longa mina de diamantes.” A ferida na que ún se goza provoca a fixación no lugar da mágoa e dese sufrimento nace o brado, o berro cósmico, nunca a queixa doce, o maino pranto: “Ando lonxe e senlleiro, triste e lonxe, / como unha besta acoitelada bruo / e arrepíanse os Andes ó meu paso.” A nostalgia da terra foi, porén, un sentimento de indisimulábel presenza nas horas colombianas de Antón, vividas, por outra parte, desde aquela proverbial disposición súa para o gozo, para a comunicación sensual e apaixonada co mundo.

A temperatura tropical do gozo estoura tamén en tonalidade exultante de himno através das páxinas de *Cantos caucanos*, evocación moi próxima da segunda patria abandonada, Cali e Bogotá, Catamarca e Popaián, Palmira, Timbía, Chachahuí, o val do Cauca. “Necesito tanta fermosura / como un dia calquera en Popaián”, confesa o poeta, instalado xa na ribeira do seu mar de Noia, soidoso de Colombia, sempre saudoso e sempre comprometido coas causas máis vivas do presente. Pero *Cantos caucanos* abre tamén xanelas desde as que albiscar a andaina aventureira de Avilés por terras colombianas, aquela lenda de bretemosa orixe histórica nacida na tantas veces citada carta a Salvador García Bodaño (“Cacei tigres coas mans para vender o pelexo aos gringos ricos, trafeguei con cabezas reducidas...”) e que se manifesta en suxerinte discurso narrativo nas páxinas de *Nova Crónica das Indias*, con momentos tan intensos e necesarios que saben a verdade biográfica.

Esencia de verdade vivida trae, sen dúbida, o “CANTO DE NORALBA TIMBA-COI”, onde vibra o frenesí dionisíaco da noite de Cali e podemos escoitar a voz e a música rotundamente feliz dos amigos de Antón: Celia Cruz, Miguelito Valdés, Daniel Santos, Alberto Beltrán... Erotismo da festa compartida, exaltación da existencia en mans do festeiro Antón Avilés de Taramancos, pero tamén paixón singular do amor concre-

to: “Ao seu carón a vida collía un rumbo sobrenatural / e a noite era sagrada; saíamos do seu templo / luidos como un seixo. O noso corazón era un altar.” E outros amores caucanos, outras paixóns terrestres: “Tamén ameí no teu xardín, María. / Teño os estigmas aínda abertos, frescos / coma unha rosa de navallas.” En *As torres no ar* hai tamén un tempo de amor, diálogo erótico de alta tensión en doce sonetos perfectos, entre eles un que condensa a lembranza de todos os encontros amorosos do pasado e, máis unha vez, equilibra os extremos emocionais na síntese da saudade: “Os corpos que eu ameí ispo-os aínda / Como quen ispe lóstregos nun soño; / Vou-nos vendo a trasluz en canto poño / A saudade a bruar na noite infinda.”

O amor ten nomes propios e protagonismo exclusivo en dous libros de mocidade, *Pequeno canto para un peito xoven* (que, cando se publicou, vintetrés anos despois da súa escrita, foi titulado *Poemas a Fina Barrios. Pequeno canto*) e *Poemas soltos a Maricarmen Pereira*. Naceu o primeiro dunha experiencia de noivado xuvenil, concluído en soneto de adeus onde o poeta confesa rematada tamén a xuventude. Coincide o final dese amor coa clausura do ciclo coruñés e o comezo dunha etapa de inestabilidade e expectativa, a que ao longo do ano 1961 vai derivar na decisión da marcha a Colombia. *Pequeno canto*, logo da apertura inicial da voz do poeta en versos de moi rigorosa fábrica e acento pudorosamente contido (*As moradiñas do vento* e *A frauta y-o garmelo*), anuncia xa o poder erótico do discurso de Avilés, moi apreciado daquela por Aquilino Iglesia Alvariño, e inaugura a liña confesional, de base autobiográfica e resolución simbólica, que caracteriza unha parte decisiva da súa poética, a que aquí estamos a considerar. Cómpre significar, porén, que xa nas primeiras entregas do poeta, malia o ocultamento deliberado do eu poemático, faise evidente aquel pouso de necesidade vital, a experiencia infantil e xuvenil da natureza, como clave da cosmovisión de Avilés.

En *Poemas soltos a Maricarmen Pereira*, o referente vivo do diálogo amoroso é unha moza da que o poeta se namorou no verán de 1961. Polo autobús de liña envíalle Antón, de Noia a Compostela, un poema diario ao longo do mes de agosto. A anécdota extraliteraria resulta moi reveladora do singular temperamento do poeta. Pero os poemas, como é habitual na súa norma, superan toda continxencia anecdótica. As imaxes de xinea vangardista e o uso de motivos culturalistas, con ecos do Cunqueiro que xa desde a década dos 50 andaba a espallar os versos do que logo sería o soberbio edificio de *Herba aquí e acolá*, serven para distanciar o texto da dependencia documental ou narrativa, aínda que non do seu cerne de raíz emotiva.

A razón erótica, a vontade de Eros, é o motor central do discurso poético de Avilés de Taramancos, a súa fala hímnica e matérica, vitalista, dionisiaca. Erótico é, obviamente, o acento sensual dos poemas amorosos, pero tamén a música profunda da súa poética terrestre, o labor simbólico da penetración na terra de labranza, fusión corpórea no magma da terra femia e nai. Do triunfo de Eros fala tamén o cántico oceánico da navegación aventureira e das crónicas caucanas, o compromiso optimista do poeta coas

causas populares e colectivas. Mesmo coa gozosa ferida da saudade combate Avilés as ameazas de Tánatos, que a nostalxia das horas vividas serve para conservalas, para evitar a súa fuxida. E os mortos da nosa terra, xa o dixemos, non son mortos senón devanceiros, colectividade insumisa que continúa a labrar o eido comunal, sedimento vivo da patria, pouso erótico, amor permanente alén da morte.

E cando o poeta debe afrontar o seu propio destino de morto, destemido, teimoso vitalista, rebelde contra a sombra, decide emprender, ao xeito de Rimbaud, unha última fuxida, exilio voluntario que non significa fracaso. É a *Última fuxida a Harar*, arrizada loita contra as tebras, soñada victoria de Eros contra Tánatos. A contemplación feliz do espectáculo da vida, ventos e paxaros, eidos e navíos, a imaxe da nai e o corpo da muller, Galiza e Colombia, pode contra todo presentimento de tebra: “É tan fermoso / ver así o universo sorprendido / na súa propia luz / que até a ferida / se cobre de faíscas / rutilantes.” En todo caso, considerada a inevitabilidade do pasamento, o poeta acepta o seu ingreso na sociedade final dos mortos vivos, dos devanceiros que labran e sementan, século a século, o eido incesante da historia, a patria: “Alí estou eu de morto dando vida aos carballos.” Alí está, efectivamente, Antón Avilés de Taramancos, dando vida. Aquí está Antón dánndonos vida através da semente da súa palabra, espello convexo, lente expansiva que multiplica en símbolo erótico a materia íntima da súa memoria, a substancia pública do ser que somos: terra e mar, saudade, amor.